

XAESTAMOSNAESO




IES MANUEL GARCÍA BARROS



A ETAPA DA ESO

No noso Centro poderás estudar a ESO e os diferentes Bacharelatos existentes no actual sistema Educativo.



anos.

Esta Etapa Educativa da ESO comprende 4 cursos (1º, 2º, 3º e 4º) que se seguirán de maneira ordinaria entre os 12 e os 16

A xornada escolar semanal do alumnado é de 32 horas.

Distribúese cada día pola mañá, en clases de 50 minutos de duración e 2 recreos de 20 minutos. Os martes, ademais hai clase pola tarde (dúas sesión de 50 minutos).




HORARIO:MAÑÁNS 08:45 A 14:25 E O **MARTES POLA TARDE** DE 16:30 A 18:10

O INSTITUTO E OS SEUS ESPAZOS

- Hai 21 aulas destinadas aos rapaces/as das diferentes ensinanzas, entre elas o alumnado de 1º ESO.
- Tamén hai aulas de **materias específicas**: Música, Informática, Educación Plástica e Visual, Volume, Tecnoloxía,... , así coma laboratorios (Física, Química, Bioloxía,...) e un Ximnasio e un Pavillón Deportivo.
- **Outros espazos** son: a Biblioteca e a sala de Usos Múltiples (actualmente utilizada como aula).
- O alumnado conta para o seu tempo de lecer con varios patios, pistas deportivas e unha cafetería.




A continuación verás os mapas dos diferentes andares onde están sinalizadas todas as aulas, os baños, a cafetería... Durante os primeiros días seguro que lle darás uso pero se tes algunha dúbida, **PREGUNTA SEN MEDO!**



I.E.S. Manuel García Barros
Curso 2020-2021
PLANTA BAIXA






I.E.S. Manuel García Barros

Curso 2020-2021

PLANTA PRIMEIRA



I.E.S. Manuel García Barros
Curso 2020-2021
PLANTA SEGUNDA



PERSOAS QUE TRABALLAN NO INSTITUTO



O noso IES no actual curso conta con 48 profesores/as. No primeiro curso da ESO hai 12 profesores/as que imparten as diferentes materias e haberá un/unha que será **o/a titor/a**.

O/A teu titor/a estará moi pendente de ti, manterá unha comunicación constante coa túa familia e coordinarase co resto dos/as profesores/as; é **moi importante acudir a eles/as cando sexa preciso**. Esta persoa, cada semana terá unha sesión co seu grupo de alumnos/as chamada TITORÍA, para informar, escoitar e levar a cabo actividades e programas específicos (Habilidades Sociais, Resolución de conflitos, Apoio Emocional...)

Ademais hai un **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN** para axudar ao alumnado que o precise sempre en colaboración co profesorado e as familias. Entre outras as súas



funcións serán as de organizar as medidas de apoio para o alumnado que o precise, informar sobre posibles itinerarios educativos e profesionais, así coma asesorar sobre aspectos de desenvolvemento persoal e psicosocial e a mellora de hábitos e técnicas de traballo intelectual.

EQUIPO DIRECTIVO: Directora, Vicedirectora, Xefa de Estudos e a Secretaria.

PERSOAS NON DOCENTES: Conserxes, un Administrativo e tres persoas encargadas da limpeza.

[OFERTA EDUCATIVA 1º ESO](#) (Na páxina web podese consultar a información realtiva ás materias de opción)

MATERIAS	HORAS
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	4
LINGUA GALEGA E LITERATURA	4
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)	3
MATEMÁTICAS	5
XEOGRAFÍA E HISTORIA	3
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	4
EDUCACIÓN FÍSICA	2
EDUCACIÓN PLÁSTICA E AUDIOVISUAL	2
SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA (FRANCÉS)	2
ELIXIR UNHA: RELIXIÓN / VALORES ÉTICOS	1
ELIXIR UNHA: OBRADOIRO MUSICAL/ REFORZO EDUCACIÓN FÍSICA	1
TITORÍA	1
TOTAL SESIÓNS	32



AVALIACIÓN E PROMOCIÓN NA ESO

O alumnado de 1º ESO cursará e examinarase das materias relacionadas na táboa de “OFERTA EDUCATIVA”. **Pasará ao curso seguinte** cando teña superados a totalidade dos obxectivos das mesmas ou teña avaliación negativa, como máximo, en dúas materias. **Repetirá curso** cando teña avaliación negativa en tres ou máis materias, ou se son simultáneas: Lingua castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e/ou Matemáticas.



Como norma xeral, o alumnado poderá repetir o mesmo curso unha soa vez, e dúas como máximo dentro da etapa.

Quen promocióne sen superar todas as materias deberán matricularse das materias non superadas, seguirán un programa de Reforzo que estableza o Equipo Docente e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de Reforzo.

CONSELLO ORIENTADOR



Ao final de cada curso entregarase aos pais/nais/titores legais do alumnado un CONSELLO ORIENTADOR que incluíra un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e da adquisición das competencias, así coma unha proposta do Itinerario máis axeitado a seguir.

SUXERENCIAS PRÁCTICAS: CÓMO AXUDAR AOS FILLOS/AS NOS ESTUDOS

As seguintes recomendacións son as aconsellables para todo tipo de estudo e só se nomean dun xeito RECORDATORIO.

O estudo ou traballo intelectual é unha actividade psíquica e como tal está condicionada á boa saúde física e benestar corporal. Por isto é convinte:

DESCANSO: É necesario que o/a seu fillo/a durma o suficiente (entre oito e nove horas mínimo). Procuren que



se deite a unha hora fixa e non moi tarde.



ALIMENTACIÓN: Dieta variada, equilibrada, rica en fósforo, calcio e vitaminas. Suprimir ou reducir canto se poida alimentos excitantes e alimentos basura (chucherías, gominolas,...). É

importante que almorce antes de vir ao Instituto.

EXERCICIO FÍSICO: Convén realizar algún exercicio físico de xeito moderado e habitual. Estudar é importante, pero outras cousas tamén o son. É necesario que o/a seu fillo/a aprenda a encher o seu tempo de ocio dun xeito saudable.



O ESTUDO: Procure que o/a seu fillo/a teña un lugar fixo para estudar, sen ruídos. A radio, a TV, móbil, etc., provocan distraccións e non permite a concentración. Estudar con música é desaconsellable, sobre todo se o traballo require unha grande concentración.

Non se pode/debe estudar deitado na cama, ou recostado nun sofá. As posturas cómodas en exceso poden producir somnolencia.



O lugar de estudo debe ter **boa iluminación**. Aos destros a luz debe entrarlle pola esquerda e aos zurdos pola dereita.

A **temperatura** debe ser agradable. O frío produce inqueda, mentres que a calor excesiva invita a inactividade.

Un cuarto de estudo debe ser **ventilado** con frecuencia.

O/A alumno/a debe ter un horario de estudo ao saír do Instituto. Procure que cumpra o horario de estudo que se propoña e que estude todos os días á mesma hora, durante os cinco días da semana. Estudar é un hábito. Teñen materia para traballar todos os días.



AMBIENTE FAMILIAR PROPICIO: A adolescencia é unha etapa de cambios importantes na vida dunha persoa. É moi importante manter un ambiente que favoreza o diálogo tranquilo.

Falar cos/as fillos/as é bo para coñecerlos/as máis, para saber o que lle pode estar pasando e, polo tanto, para saber como axudalos.

As notas soen representar os resultados do traballo realizado; cando os resultados non son bos, deben buscar os motivos que poden xustificalos, falar co/a titor/a pode axudar a clarificar as cousas.

Debe ser constante á hora de esixir que os/as fillos/as cumpran coas súas responsabilidades. O estudo é unha delas.

Os/As pais/nais deben de ter unidade de criterio á hora de esixir aos seus fillos/as disciplina e responsabilidade.

Débese amosar firmeza no fundamental, con boas doses de comprensión e tolerancia. Ser firme non implica ser duro nin intransixente. O autoritarismo e a violencia nas expresións ou no comportamento non conducen a resultados positivos.

Animen aos seus fillos/as, e recorden que soe dar mellores resultados un premio ou encomio verbal que un castigo.

Esperamos que vos atopedes a gusto no Centro e que o voso paso polas aulas sexa bo para todos/as.

Anatomía de un abrazo.

